

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa á continuada rebaixa salarial que sofre a clase traballadora galega.

Exposición de motivos

A publicación do informe sobre a enquisa trimestral de custo laboral do terceiro trimestre do 2015 confirma a continuación da rebaixa salarial da clase traballadora galega. O custo laboral e o custo salarial rexistran porcentaxes negativas outro trimestre máis.

A recuperación económica que publicitan os gobernos do PP adquire un extraño cariz para a maioría social traballadora. Así, o custo laboral caeu un 0,4% para as empresas galegas cando no ámbito estatal creceu un 0,3% para, desta maneira, agrandar unha fenda de 260 euros menos que no Estado. Desestacionalizado o descenso é todavía máis acusado: -0,9%.

O custo salarial caeu tamén un 0,1% en cómputo interanual cando no Estado creceu un 0,5%. O salario galego sitúase nos 1.601,90 euros cando a media estatal marca 1.809,88 euros: máis de 200 euros de diferenza.

O custe laboral por hora efectiva tamén presenta unha caída, dun 0,2%. Só Extremadura e o arquipélago balear presentan magnitudes inferiores a nosa.

O goberno de Núñez Feijóo pode presumir diante das clases dominantes en España, por exemplo, do Consello Empresarial da Competitividade, de aplicar con maior intensidade a sistemática de violencia material que supón a rebaixa dos salarios nun contexto de acentuación da explotación no traballo e de recorte dos servizos públicos.



Esta situación é a contraria necesaria que se produce respecto os datos de beneficios empresariais, que no caso das empresas que cotizan no IBEX 35 e para o período que vai de xaneiro a setembro aumentaron de media un 22,6%, a enorme cantidade de 26.638 millóns de euros.

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a adoptar as medidas que garantan alomenos a recuperación salarial para as traballadoras e traballadores do sector público do poder adquisitivo perdido durante os anos da crise-estafa.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a desenvolver unha radical rectificación das súas políticas económicas para propiciar a recuperación salarial da clase traballadora galega.

En Compostela, a 23 de decembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 23/12/2015 11:17:16